

A Hedreira

centro social



quen somos?

A Hedreira é un **CENTRO SOCIAL AUTOXESTIONADO** da cidade. Nace do desexo de construírmos un espazo de confluencia social e da necesidade de ter un lugar de encontro, xa que consideramos que é máis doado materializar as ideas cando compartimos o espazo.




Móvenos a solidariedade, o apoio mutuo, a xustiza social, a creación colectiva e a defensa do territorio. Buscamos un espazo autosexestionado onde a comunidade e a cooperación substitúan a visión atomista, heteropatriarcal, de competitividade e de progreso egoísta. Exploramos vías diversas de organización social, creando vínculos comunitarios e fins colectivos, promovendo o pensamento crítico, compartindo espazos, recursos, ferramentas ou saberes e xerando alternativas a un modelo de sociedade profundamente desigual que mantén a tantos millóns de persoas na pobreza e a dependencia.



Reivindicamos tamén a posibilidade de acceder a **unha cultura alternativa** que non reduza a nosa vida social a unha versión estritamente mercantil, que nos obriga a vivir como meros poboadores dun espazo público limitado ao consumo e á circulación, facéndonos esquecer aquelas posibilidades que xorden cando se habita comunalmente. **Buscamos a auto-organización como forma de relacionarnos**, apartándonos das dinámicas que nos converten a todas en "usuarias ou clientes".

Por todo isto somos A Hedreira e **como as hedras medramos, apoiándonos unhas nas outras, rubimos muros e entretecémonos creando comunidade.** Veciñas con miradas diversas pero conectadas, con ganas de sentarnos xuntas, recuperar debates, expresar inquietudes e crear tecido social dun xeito horizontal e aberto.



A Hedreira

centro social



quen somos?

A Hedreira é un **CENTRO SOCIAL AUTOXESTIONADO** da cidade. Nace do desexo de construírmos un espazo de confluencia social e da necesidade de ter un lugar de encontro, xa que consideramos que é máis doado materializar as ideas cando compartimos o espazo.




Móvenos a solidariedade, o apoio mutuo, a xustiza social, a creación colectiva e a defensa do territorio. Buscamos un espazo autosexestionado onde a comunidade e a cooperación substitúan a visión atomista, heteropatriarcal, de competitividade e de progreso egoísta. Exploramos vías diversas de organización social, creando vínculos comunitarios e fins colectivos, promovendo o pensamento crítico, compartindo espazos, recursos, ferramentas ou saberes e xerando alternativas a un modelo de sociedade profundamente desigual que mantén a tantos millóns de persoas na pobreza e a dependencia.



Reivindicamos tamén a posibilidade de acceder a **unha cultura alternativa** que non reduza a nosa vida social a unha versión estritamente mercantil, que nos obriga a vivir como meros poboadores dun espazo público limitado ao consumo e á circulación, facéndonos esquecer aquelas posibilidades que xorden cando se habita comunalmente. **Buscamos a auto-organización como forma de relacionarnos**, apartándonos das dinámicas que nos converten a todas en "usuarias ou clientes".

Por todo isto somos A Hedreira e **como as hedras medramos, apoiándonos unhas nas outras, rubimos muros e entretecémonos creando comunidade.** Veciñas con miradas diversas pero conectadas, con ganas de sentarnos xuntas, recuperar debates, expresar inquietudes e crear tecido social dun xeito horizontal e aberto.



que facemos?

Organizamos charlas e xornadas, obradoiros de bici e de costura, hacklab, pole dance, costura, temos tamén un grupo de impro teatral, de baile, de creación audiovisual e cinefórum. Dispoñemos de biblioteca e somos un lugar de encontro e intercambio, entre outros do colectivo do Banco do Tempo de Lugo. Somos tamén un espazo para un lecer diferente. **E estamos abertas a máis propostas!**



como funcionamos?

Como centro social autoxestionado, funcionamos a través das **asambleas, consenso, horizontalidade e libres de xerarquías e subvencións**

Todo isto constrúese mediante a implicación e o compromiso das diferentes persoas que habitamos o espazo, onde nos atopamos diversas personalidades e ideoloxías, desde abaixo e á esquerda, buscando construír de forma colectiva. É grazas as cotas dos compañeiros e as compañeiras que podemos manter o local.

Non funcionamos como asociación: **todas contamos igual** e todas podemos gozar do centro social en base aos principios que imos acordando xuntas e o compromiso co espazo. **Local social, cultural e político, pero apartidista** (sen vinculación a ningún partido político).



Aquelas actividades que se queiran levar a cabo na Hedreira pasan por asemblea -os luns cada dúas semanas ás 20.00 horas- para que entre todas debatamos a proposta.

Se che gusta o que les e queres formar parte deste proxecto común contacta, achégate polo local e fala connosco. Sodes benvidxs!

Consulta todas as actividades:

ahedreira.noblogs.org

csahedreira@riseup.net

[a_hedreira](#)

que facemos?

Organizamos charlas e xornadas, obradoiros de bici e de costura, hacklab, pole dance, costura, temos tamén un grupo de impro teatral, de baile, de creación audiovisual e cinefórum. Dispoñemos de biblioteca e somos un lugar de encontro e intercambio, entre outros do colectivo do Banco do Tempo de Lugo. Somos tamén un espazo para un lecer diferente. **E estamos abertas a máis propostas!**



como funcionamos?

Como centro social autoxestionado, funcionamos a través das **asambleas, consenso, horizontalidade e libres de xerarquías e subvencións**

Todo isto constrúese mediante a implicación e o compromiso das diferentes persoas que habitamos o espazo, onde nos atopamos diversas personalidades e ideoloxías, desde abaixo e á esquerda, buscando construír de forma colectiva. É grazas as cotas dos compañeiros e as compañeiras que podemos manter o local.

Non funcionamos como asociación: **todas contamos igual** e todas podemos gozar do centro social en base aos principios que imos acordando xuntas e o compromiso co espazo. **Local social, cultural e político, pero apartidista** (sen vinculación a ningún partido político).



Aquelas actividades que se queiran levar a cabo na Hedreira pasan por asemblea -os luns cada dúas semanas ás 20.00 horas- para que entre todas debatamos a proposta.

Se che gusta o que les e queres formar parte deste proxecto común contacta, achégate polo local e fala connosco. Sodes benvidxs!

Consulta todas as actividades:

ahedreira.noblogs.org

csahedreira@riseup.net

[a_hedreira](#)